

DIARIO DE SESIONS



PARLAMENTO DE GALICIA

1 LEXISLATURA

Presidencia Provisional do Excmo. Sr. D. Antonio Rosón Pérez

Sesión Plenaria núm. 2

celebrada o luns, 4 de xaneiro de 1982

ORDE DO DIA

DESENROLO DAS NORMAS PROVISIONAIS

- a) Constitución dos Grupos Parlamentarios e da Xunta de Portavoces.
- b) Composición de Incompatibilidades e Regulamento.
- c) Normas prá Sesión de Investidura.

SUMARIO

Abrese a Sesión ás cinco e dez minutos da tarde.

Antes de entrar na Orde do Día, o señor Presidente Provisional do Parlamento de Galicia, pide ó señor Secretario (González Mariñas) que dea lectura á Acta da Sesión anterior. Así o fai o Sr. Secretario.

O señor Presidente somete a Acta á aprobacín da Cámara, e esta aprdbaa por asentimento.

Entrase na Orde do Día.

DESENROLO DAS NORMAS
PROVISIONAIS:

Páxina
14

- a) Constitución dos Grupos Parlamen-
tarios e Xunta de Portavoces.
 - b) Composición das Comisións de
Incompatibilidades e Regulamento.
 - c) Normas prá Sesión de Investidura.
- O señor Presidente Provisional manifesta que, aínda que a Mesa, conforme ó disposto no artigo 72 do Regulamento do Congreso dos Deputados, ten a facultade de someter directamente a votación a súa proposta, en atención ás discrepancias que xurdiron por parte das forzas políticas, abre un debate en torno a ela, concedendo un turno de intervención de quince minutos ás distintas formacidns políticas.*

Primeiramente intervén o señor Anxel Guerreiro (PCG), expoñendo a súa disconformidade coa proposta da Mesa, xa que considera que as Normas aprobadas na Sesión anterior debían contar coa opinión dos representantes de tódolos Partidos Políticos antes de formular dita proposta. Propón a redución a dous ou tres Deputados prá formar Grupo Parlamentario.

A continuación, o señor Nogueira Román (Esquerda Galega) manifesta a súa disconformidade por face-la Mesa unha proposta sin ser ouvida a opinión de tódalas forzas políticas, e propón 5 Grupos Parlamentarios, reducindo o Grupo Mixto a Esquerda Galega e ó Partido Comunista.

Seguidamente o señor López Garrido (Bloque-PSG) expresa a súa protesta por non participar na elaboración da proposta. Móstrase partidario da constitución de tantos Grupos Parlamentarios como formacións políticas haxa, independentemente do número de Deputados.

Intervén despois o señor Vázquez Vázquez (PS de G. - PSOE), plantexando á proposta da Mesa unhas enemendas concretas.

A continuación fai uso da palabra o señor Pardo Montero (UCD), apoiando a proposta da Mesa, e recollendo a maioría das enmendas do PSOE, e pide á Presidencia que supenda a Sesión por uns minutos prá face-las posibles correccións no texto.

En último lugar, intervén o señor Barreiro Rivas (AP), que xustifica as Normas sometidas a aprobación, en base á urxencia de contar coas mesmas, aínda que estas poidan ser modificadas no futuro.

O señor Guerreiro intervén por alusións.

O señor Presidente suspende a Sesión por vinte minutos.

Levántase a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor Pardo Montero intervén por alusións.

O señor Nogueira plantexa unha cuestión de orde, en relación coa oportunidade de que haxa un segundo turno de intervencións e que sexan sometidas a aprobación as propostas presentadas. O señor Presidente considera que non hai lugar pra admitir dita cuestión de orde plantexada, polo que determina que se proceda á votación da proposta presentada pola Mesa.

O señor Presidente pide ó señor Secretario que dea lectura á redacción definitiva da proposta da Mesa coas adicións correspondentes. Así o fai o señor Secretario (González Mariñas).

Procédese a votación das Normas propostas pola Mesa Provisional do Parlamento.

O señor Presidente Provisional anuncia que o resultado da votación é o seguinte: 62 votos a favor, 5 en contra e 3 abstencións. En consecuencia quedan aprobadas as Normas propostas pola Mesa Provisional do Parlamento.

O señor López Garrido (Bloque-PSG) plantexa unha cuestión de orde, que non é recollida pola Presidencia.

O señor Presidente manifesta que debe procederse á formación dos Grupos Parlamentarios tal como se prevé nas Normas aprobadas, e convoca a próxima Sesión pró día 7 ás 5 da tarde.

Levántase a Sesión.

Eran as sete e media da tarde.

Abrese a Sesión ás cinco e dez minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Declárase aberta a Sesión. Prégolle ó señor Secretario que dea lectura á acta da Sesión anterior. (O señor Secretario dá lectura á acta)

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: ¿Apróbanse as Actas que acaban de ser lidas?. (Pausa) (Asentimento).

Danse, por tanto, como aprobadas por asentimento.

Rógolle agora ó Sr. Secretario que dea lectura ós puntos da Orde do Día desta Sesión. (O señor Secretario dá lectura ós puntos da Orde do día).

DESENROLO DAS NORMAS PROVISIONAIS.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Pois ben, aínda que a Presidencia entende que é evidente a capidade de proposta que ten a Mesa, conforme ó disposto no artigo 72 do Regulamento do Congreso dos Deputados, e por tanto a facultade de levar directamente a votación esa proposta, en atención a unhas discrepancias que xurdiron por parte de dúas forzas políticas, de acordo coa Mesa, somete a súa proposta a un debate no que poderán

intervir tódalas forzas políticas representadas no Parlamento polo término cada unha dun cuarto de hora.

Deste xeito, creo que lle corresponde falar, en primeiro lugar, ó Diputado Sr. Guerreiro.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Sr. Presidente, Sres. e Sras. Deputados, quero empezar esta intervención lamentando disentir do Sr. Presidente do Parlamento. Neste momento, como acaba de indicar claramente o Secretario da Mesa, están en vigor unhas Normas aprobadas por asentimento na xornada constitutiva do día 19; nesas Normas, nun dos seus artigos, na Norma 10 concretamente, dise con toda claridade que as propostas de interpretación ou de desenrolo das Normas Provisionais actualmente en vigor non corresponden só á Mesa do Parlamento, senón á Mesa conxuntamente cos representantes dos Partidos Políticos parlamentarios. E ademais, comentado o artigo 72 do Congreso dos Deputados, só poderá aplicarse como calquera outra subsidiariamente cando nas Normas vixentes non estea contemplado de forma explícita. Polo tanto, sinto diferir, e esta Sesión é evidente que, ó meu xuício, é de dubidosa regulamentación, porque quen tiña que face-la proposta que hoxe debatemos e sometemos a votación era a Mesa do Parlamento conxuntamente cos representantes dos Partidos Políticos parlamentarios.

En segundo lugar, creo —permítanme unha consideración— decindo que esa proposta que a Mesa nos fai e que temos no noso poder, encabézase cun título decindo “Normas de Desenrolo”, e eu creo que non son un desenrolo das Normas actualmente vixentes, senón unha modificación. Hai que chamarlle desde o principio ás cousas polo seu nome, e non valen subterfuxios pra, ante a opinión pública, evitar iso. Hai unha modificación e eu non entendo como un Parlamento que hai quince días aproba unhas Normas o está improvisando, ou pra cambialas quince días despois hai outros motivos políticos, e permítanme Vdes., con todo respecto, decir que hai motivos políticos ó meu xuício, que é o intento de limita-la iniciativa política e parlamentaria de determinados Partidos desta Cámara. Dito isto, eu quixera presentar catro enmendas “in voce” a esas Normas.

A primeira delas refírese á composición das Comisións, que están claramente modificadas

nestas. Primeiro —segundo o artigo 30.2— do actual regulamento do Congreso dos Deputados, que aí si que hai que aplicar porque non está contemplado nas Normas vixentes deste Parlamento: todo Deputado ten o dereito de estar adscrito polo menos a unha Comisión parlamentaria, e segundo estas Normas, entre as dúas, coa composición que se propón, só ocupan en tarefas de Comisión a vintese Deputados; é dicir, están discriminándose da tarefa parlamentaria á que teñen dereito a mais da metade deste Parlamento. Por tanto, en cumprimento do legalmente establecido no artigo 32 do Congreso dos Deputados, é necesaria a remodelación das Comisións de Regulamento e de Incompatibilidades a fin de que tódolos Deputados teñamos dereito a participar nas tarefas lexislativas ás que temos dereito. Polo tanto, esa remodelación ten que facerse atendendo a dous criterios: efectivamente, ó criterio de proporcionalidade, por forza que teña cada Grupo Parlamentario; e o segundo, en cumprimento do dereito de cada Deputado de poder participar en Comisión. Primeira enmenda.

Segunda enmenda. O número que se propón de Deputados pra formar Grupo Parlamentario. Evidentemente este é un criterio político, e o criterio dos comunistas galegos a este respecto é que nos parece que cinco Deputados, tendo en conta unha análise comparativa con outros Parlamentos nacionais, ou das propias Cortes Xerais ou doutros Parlamentos estatais doutras nacións e doutros países, parécenos absolutamente desproporcionado. E parécenos desproporcionado porque se temos en conta o Parlamento de Cataluña —cento trinta e cinco Deputados—, só se esixen dous pra formar ese Grupo, e no propio Congreso dos Deputados sobre trescentos cincuenta fan falta cinco, pra non poñer casos como Bélxica, Holanda, Xapón, etc. Pódese argumentar, efectivamente, que hai outros países como Italia nos que fan falta vinte Deputados pra formar Grupo Parlamentario, pro non é lóxico poñer ese exemplo porque todos sabemos que a Cámara de Deputados italiana ten mais de seiscentos representantes, e un grupo de vinte non chega ó 4% da Cámara, e aquí ahi Partidos ou Coalicións como o Bloque Nacional Popular-PSG, que teñen mais do 4% da representación desta Cámara. Polo tanto, a proposta nosa en concreto como enmenda, é que se regulen os

Grupos Parlamentarios con dous ou tres Deputados como máximo pra poder formar un grupo.

En terceiro lugar, terceira enmenda do Partido Comunista: sobre o Grupo Mixto que se propón. Permitiranme vostedes unhas consideracións que estou seguro compartirán e é que hai unha diferenza sustancial entre un Grupo Parlamentario que se corresponde plenamente a un partido político e o actual Grupo Mixto que se pretende regular. Naturalmente, cando un Deputado, cando unha persoa, cando un cidadán se adscribe a un Partido enténdese que comparte, senón plenamente, o fundamental do seu proxecto político, e polo tanto ese Grupo Parlamentario que se corresponde cun partido político, loxicamente debe de regula-lo seu funcionamento interno conforme ás normas democráticas que cada Partido teña deseñadas internamente. Pro no caso do Grupo Mixto en concreto que se pretende que formemos neste Parlamento, estamos tres partidos con estratexias diferentes, con posicións políticas contraditorias e ás veces antagónicas. Polo tanto, creo que atenta contra a liberdade non só de expresión das minorías, senón contra a liberdade que ten cada Partido á súa propia imaxe e a que non se fale no seu nome, de que naturalmente ese Grupo Mixto non pode funcionar senón se desenrola mais nesas Normas Provisionais. E nós, se non se regula mais claramente, especificando que ningún representante ou portavoz do Grupo Mixto pode falar ou pode actuar en nome dese Grupo sin o pleno consentimento por unanimidade de tódolos Partidos, non de tódolos Deputados, de tódolos Partidos ou Coalicións que o forman, o Partido Comunista de Galicia estudaríase a presentación dun recurso de amparo constitucional ou dun recurso de inconstitucionalidade ó amparo do artigo 27, 42 e 46 da vixente Lei Orgánica do Tribunal Contitucional.

E cuarta e última enmenda: a que se refire á plena garantía dos partidos parlamentarios a teren iniciativa parlamentaria, no tema das proposicións de lei, non de lei, interpelacións, mocións, enmendas ó articulado ou á totalidade, etc., todo aquilo que representa o dereito da iniciativa parlamentaria, que se é recoñecido explicitamente nesas Normas, nós propoñemos que ese dereito sexa contemplado nesas Normas pra que non haxa discriminación, pra que non haxa limitación.

Dito esto, polo tanto, o Partido Comunista de Galicia propón esas catro enmendas e fai a consideración inicial de dubidoso cinguimento á legalidade vixente interna desta Cámara. E mais nada.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Imos ver, o Deputado Nogueira, don Camilo, por Esquerda Galega.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Sr. Presidente, Señoras e Señores Deputados, antes de empeza-la miña intervención, quixera, aproveitando esta primeira intervención de Esquerda Galega no primeiro Parlamento Galego, facer votos pola xusticia e a liberdade, facer votos pola defensa da identidade da nación galega e facer tamén votos contra o fatalismo, produto de séculos de alleamento e asoballamento, que sacode a gran parte do pobo galego e moito mais contra a nefasta derivación do fatalismo, o servilismo fronte ó alleo no que caíu unha boa parte do noso pobo e das súas institucións e grupos políticos, sociais e culturais. Despois, quero empezar decindo que a Mesa do Parlamento, seica por unanimidade, presenta unha proposta de derogación das Normas Provisionais aprobadas na Sesión de Constitución do Parlamento antes de entraren en funcionamento. Quero seguir decindo que actuou con nocturnidade, porque, aínda que recoñecémo-lo carácter soberano do Pleno, non é correcto presentar unha proposta sin antes ser oída a opinión de tódalas forzas políticas. Primaron, ó noso xeito de ver, a improvisación e os prexuícios fronte ó rigor e á vontade de eficacia. Primou o intento de calar a certos Partidos da esquerda, e da esquerda nacionalista, en lugar de facer prosperar en serio o funcionamento do Parlamento.

Despois disto, quero decir unha serie de cuestións, referentes á nosa proposta de constitución doutro xeito de Grupos Parlamentarios, á relación entre Grupos Parlamentarios e forzas políticas electorais, ó número de Deputados precisos pra constituír un Grupo Parlamentario, mesmo a facer unha proposta de constitución de Grupos Parlamentarios, e outra de dereito das forzas políticas electorais.

Quero empezar decindo que o Parlamento organizado en base ós Grupos Parlamentarios, é unha realidade, non fronte ós partidos

políticos, senón fronte ó Deputado individual. O Parlamento organizado por Grupos Parlamentarios é, xustamente, o recoñecemento dos grupos políticos na propia Cámara. Se a constitución de Grupos Parlamentarios nega a algún grupo político, nega a expresión libre na Cámara dalgunha forza ideolóxica, dalgunha forma estase poñendo en cuestión o propio fundamento da regulación en Grupos Parlamentarios do Parlamento, e isto con independencia do número de Deputados que teña cada forza política no Parlamento. Se o Parlamento organizado en Grupos Parlamentarios non pode nega-los dereitos dos Deputados individuais, moito menos pode nega-los dereitos, a totalidade dos dereitos parlamentarios, dos grupos políticos presentes no Parlamento.

En última instancia, a negación a algunha forza política electoral de parte ou da totalidade, en canto tales, das funcións e os dereitos dos Grupos Parlamentarios, unicamente pode ter dous motivos: ben unha actitude discriminatoria e prepotente por parte dos Partidos hoxe maioritarios —esperemos que por pouco tempo—, ou ben a existencia de regulación e de eficacia da vida parlamentaria. A primeira motivación é rexeitable por si mesma. E neste sentido quixera recordar actitudes ou cuestións que se refiren ós grupos aquí presentes, que demostran a súa incoherencia ó pedir que o Grupo Parlamentario en Galicia sexa de cinco Deputados.

En primeiro lugar, o PSOE de Galicia, con seis Deputados no Parlamento de Madrid quixo formar Grupo Parlamentario segundo parece. Esa foi a súa defensa fronte ós ataques que recibiu inxustamente mais dunha vez por non constituír Grupo en Madrid, e polo tanto, que Galicia non tivese unha voz directa no Parlamento español. Pro seis Deputados no Parlamento de Madrid evidentemente teñen un significado moi inferior ó que teñen cinco Deputados no Parlamento Galego; seis Deputados no Parlamento de Madrid equivalen aproximadamente a 1,3 Deputados no Parlamento Galego.

En segundo lugar, quero recordar que Alianza Popular forma parte dun Grupo Mixto con dous Deputados no País Vasco. En Madrid, coa existencia de cinco Parlamentarios que pide pra Galicia, con esa mesma

proporción, en Madrid, Alianza Popular non tería Grupo Parlamentario. Aínda mais, a existencia de cinco Deputados no Parlamento Galego equivale a vintecinco Deputados no Parlamento de Madrid; é dicir, no Parlamento de Madrid non habería mais Grupo Parlamentario que UCD e PSOE, e o Sr. Sagaseta e o Sr. Fraga Iribarne estarían no mesmo Grupo Mixto.

Por outro lado, desde o punto de vista de UCD, esta postura revela un claro oportunismo, porque UCD modificou o Regulamento Provisional do Parlamento Español despois das eleccións do 79 —creo recordar— pra permitir que un grupo como o PSA tivera Grupo con cinco Deputados ou mesmo que Alianza Popular tivera Grupo Parlamentario —non recordo ben—, creo recordar que con oito Deputados neste momento, porque naquel tempo eran necesarios quince Deputados, que é unha cifra inferior á que se pretende esixir en Galicia.

Se o que se pretende, en cambio, é unha regulación e eficacia da vida parlamentaria, hai fórmulas que poden permitir que, sin chegar a que cada forza política teña por si mesma un Grupo, aínda que sexa dun só Deputado, como Esquerda Galega, teña dereito de iniciativa, como dixo o representante do Partido Comunista; de tal forma que poidan existir Grupos Parlamentarios que teñan uns dereitos fundamentalmente no que ten referencia á diferenza cos grupos políticos e se refirirían fundamentalmente ó Goberno da Cámara; e en cambio dereitos de iniciativa lexislativa, que é o que pretendemos fundamentalmente prás forzas políticas parlamentarias, do mesmo xeito que no Parlamento Catalán hai uns dereitos específicos pra Deputados non adscritos, diferentes e superiores ós do Deputado individual.

Direi despois unhas palabras referentes ó número de Deputados precisos pra constituír Grupo Parlamentario. Se nos ativeramos ó que dixeran respecto de que o Grupo Parlamentario non é mais que a posibilidade de estar presentes as forzas políticas dentro do Parlamento, o Grupo Parlamentario en Galicia non debería ser mais que dun Parlamentario. Porque o Grupo Mixto vai contra aquelas motivacións e mesmo o Grupo Mixto é un elemento extraño, polo que eu sei, no Dereito Comparado: hai moi poucos Parlamentos que teñan Grupo Mixto.

Nos distintos Parlamentos, a regulación do número de Deputados mínimo por Grupo é moi diversa. Existen Parlamentos, como o de Holanda, onde é un só Deputado, ou o do Xapón, onde son dous. Entre os Parlamentos do Estado Español, o número mínimo está establecido tendo en conta razóns políticas que non se tiveron en conta aquí, mais que simplemente a prepotencia dos grupos hoxe maioritarios nunha certa proporción co número total de Deputados da Cámara correspondente. Así, en Cataluña, o número mínimo son dous pra cento trinta e cinco Deputados e, no Congreso, cinco pra trescentos cincuenta Deputados, que equivale a un Deputado no Parlamento Galego. Seguindo esta lóxica, e tendo en conta o número de Diputados do Parlamento Galego setenta e un, e a representación política resultante das eleccións, tal como foi —e hai que respetala—, o número mínimo de Deputados pra formar Grupo Parlamentario non debería sobrepasa-los dous ou tres. No suposto de seren tres, o Grupo Mixto no Parlamento Español, é dicir, equivale ó número establecido no Regulamento Provisional antes de ser modificado despois das eleccións do 79, e a cinco ou seis en Cataluña, moi superior ós dous que teñen neste momento. Polo tanto, a nosa proposta é de constitución de cinco Grupos Parlamentarios: Alianza Popular, UCD, PSOE, BLOQUE-PSG e Mixto, con Esquerda Galega e o Partido Comunista de Galicia.

Se isto é así, ademais de te-lo Grupo Mixto unicamente dous Deputados, a nosa proposta é de que se diferencie o papel do Grupo Parlamentario, que tería tódolos dereitos, da forza política electoral presente no Parlamento, que tería unha parte dos dereitos de Grupo Parlamentario. E concretamente, nós presentamos unha enmenda á Mesa onde se recollen os dereitos que tería a forza política parlamentaria.

Esquerda Galega presenta unha enmeda por escrito, que non sei se pode lelas dentro do cuarto de hora concedido, e que fan referencia ás Normas aprobadas que nos foron entregadas recentemente. Concretamente porque estas enmendas refírense, tamén nalgunha medida, a cuestións que non fan referencia ó Grupo Parlamentario, pro que son pra nós moi importantes pró desenrolo das tarefas do Parlamento Galego no próximo futuro.

En primeiro lugar, ó Capítulo Primeiro de constitución de Grupos Parlamentarios, Esquerda Galega presenta a enmenda onde di: “con cinco Deputados”, e evidentemente pedimos que sexa “con tres Deputados”.

A Norma Segunda de Funcionamento, onde di: “debendo eleixir un Presidente e Portavoz ou Portavoces cada Grupo...”, decimos: “debendo elexi-los seus cargos representativos cada Grupo incluíndo preceptivamente o Portavoz Titular e o Portavoz Suplente”. Queremos dicir que nós non cremos que as Normas Provisionais poidan impoñer ningunha constitución interna de ningún Grupo e, por tanto, non presupor que un Grupo vai ter Presidente e Portavoz ou Portavoces. Cada Grupo dará os cargos que considere apropiados; si, en cambio, debe existir un Portavoz Titular e nós pedimos un Portavoz Suplente pra, desta forma, poder no Grupo Mixto e nos demais Grupos exercer mais libremente a nosa función. Despois pedimos na mesma Norma engadir: “tanto o Portavoz Titular como o Suplente terán dereito de firma no referente ós dereitos e funcións parlamentarias”. E por fin: “no Grupo Mixto os Portavoces, Titular e Suplente, pertencerán, respectivamente, á primeira e á segunda forza política electoral entre as que o compoñen” —refírome ó Grupo Mixto—.

No que fai referencia á Xunta de Portavoces, onde di: “de existir mais dun Portavoz por Grupo Parlamentario poderanse substituír entre eles”, pedimos que diga: “por cada Grupo Parlamentario poderán asisti-lo Portavoz Titular e o Portavoz Suplente, ou no seu lugar outro Deputado...”, como consta noutros Parlamentos do Estado Español.

No que se refire ás Comisións, onde di: “apróbase inicialmente a constitución de dúas Comisións Parlamentarias: a de Incompatibilidades e a de Regulamento do Parlamento”, pedimos que diga: “constitúense tres Comisións...” e o resto; engadindo polo tanto “a de Goberno Interior”. E dicir, segundo a nosa proposta, existiría a Comisión de Incompatibilidades, a de Regulamento do Parlamento e a de Goberno Interior, porque nos parece que neste momento se algo precisa este Parlamento —e as circunstancias que vivimos estes días así o demostran—, é xustamente unha Comisión de Goberno Interior que faga o posible pra que conte o Parlamento Galego

coas instalacións de todo tipo debidas. Engadir polo tanto, no Apartado Primeiro da Norma Sétima, a Comisión de Goberno Interior.

E despois engadir un Apartado Cuarto tamén que diga: “en función dos traballos do Parlamento, ademais destas Comisións, poderanse constituir xa, antes da aprobación do Regulamento Definitivo, as Comisións Permanentes Lexislativas que fosen precisas”. E dicir, nós consideramos que a xente en Galicia está esperando, e debemos dar satisfacción a esta espera, que o Parlamento Galego se ocupe dos problemas que realmente lle preocupan ó mesmo tempo que se ocupa do Regulamento, e non podemos da-la impresión de que o Parlamento Galego empeza a ocuparse dalgunha cuestión realmente que teña que ver coas condicións de vida do pobo galego. Xa levamos mais de dous meses, catro meses despois das eleccións, cando non son tantos anos tampouco os que ten de vida este Parlamento.

Na Norma Novena, engadir polo tanto as competencias da Comisión de Goberno Interior, á que correspondería: elaboralo presuposto ou cálculo previo de gastos do Parlamento, e controla-la súa execución e a súa función; elaboralos Estatutos de réxime de goberno interior da Cámara; e estudar e aproba-las necesidades de persoal do Parlamento e as condicións de contratación. Evidentemente é preciso facer esta Comisión de Goberno Interior que se ocupe destas cuestións tan urxentes.

E por fin, na Norma Novena, unha Norma Novena bis, —os Sres. e Sras. Deputados teñan que perdoar que cite, non creo consumir moito tempo do cuarto de hora, pro teño que citalo polas funcións da forza política parlamentaria—, que diría o seguinte:

Participar en Comisións, terían dereito os Grupos Parlamentarios e as forzas políticas electorais.

Solicitar reunións extraordinarias da Cámara, unicamente o Grupo Parlamentario.

Designar Senadores, unicamente o Grupo Parlamentario.

Participación na Xunta de Portavoces, o Grupo Parlamentario e a forza política electoral.

O Dereito á subvención, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

A Presidencia de Comisións, unicamente o Grupo Parlamentario.

Participar nas Comisións en sede lexislativa plena, o Grupo Parlamentario e a forza electoral.

As consultas pra candidato ó Presidente de Galicia, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Convocatoria de Xunta de Portavoces, unicamente o Grupo Parlamentario.

Convocatoria de Comisións, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Solicitar celebración de Sesións parlamentarias de Comisión, ou Plenos extraordinarios, unicamente o Grupo Parlamentario.

Proposición de enmendas á totalidade, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Enmendas ó articulado, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Votos particulares a ditames e reservas de enmendas pró Pleno, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Iniciativa lexislativa pra proxectos de lei, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Enmendas despois da toma en consideración, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Solicitud de debate no Pleno dun proxecto que estea en Comisións e sede lexislativa plena, unicamente Grupo Parlamentario.

Obxeccións a acordos Deputación Permanente, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Obxeccións á lexislación delegada, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Propostas de resolución despois de debates xerais, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Interpelacións, mocións e preguntas —as dúas—, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Proposición non de lei e enmendas ás mesmas, idem.

Reconsideración ás decisións da Mesa, idem, —as dúas: Grupo e Forza—.

Proposicións de debate xeral, idem.

Solicitar alteracións da Orde do Día no Pleno ou Comisións, unicamente Grupo Parlamentario.

Solicitar Sesión secreta, unicamente Grupo Parlamentario.

Solicitar votación pública ou secreta, unicamente o Grupo Parlamentario.

Tramitación urxente dun asunto, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Proposición pra crear ou disolver Comisións de lexislatura, unicamente Grupo Parlamentario.

Creación de Comisións de investigación, unicamente Grupo Parlamentario.

Turnos específicos de intervención nos debates xerais de investidura, etc., Grupo Parlamentario e forza política electoral, deixando o criterio en todo caso ó Presidente da Mesa do Parlamento do tempo que interviría a forza política electoral en cuestión das circunstancias.

Solicitar que se poña fin a un debate, unicamente o Grupo Parlamentario.

Explicación de voto, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

E funcións auxiliares e de asistencia en relación cos seus Deputados, Grupo Parlamentario e forza política electoral.

Con isto respétanse as funcións do Grupo Parlamentario prá eficacia da Cámara e tamén os dereitos das forzas políticas electorais.

E pra rematar, nas Normas prá Sesión de Investidura, faise unha enmenda tendo en conta que serían dous períodos en lugar de tres períodos pró Grupo Mixto, e que na réplica ó candidato a Presidente tamén poderían intervi-las forzas políticas electorais.

Mais nada, moitas grazias.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: O señor representante da Coalición Bloque-PSG, ten a palabra.

O señor LOPEZ GARRIDO: Señor Presidente, Señoras e Señores Deputados, a proposta de desenvolvemento das Normas Provisionais aprobadas por esta Cámara o 19 de decembro, constitúe unha violación do procedemento establecido na Cláusula Xeral das mesmas, aínda vixentes, por canto nelas se di taxativamente: “a Mesa Provisional, xunto cos representantes das forzas políticas parlamentarias, asume a interpretación e desenvolvemento destas Normas”, e tal como figura no documento que nos foi entregado, a Mesa Provisional, exclusivamente e por unanimidade, elaborou a proposta que se somete á aprobación deste Pleno. Ningunha das forzas parlamentarias das que se pretenden restrinxi-los seus dereitos, participou na elaboración de tal proposta e nin sequer foron consultadas.

Aparte desta violación do procedemento, a proposta non trata dun desenvolvemento das

Normas aprobadas senón da súa rectificación. A situación na Cláusula Xeral da expresión: “a Mesa Provisional xunto cos representantes das forzas parlamentarias”, pola de “a Mesa Provisional oída a Xunta de Portavoces” significa non só a marxinação das forzas que non estamos presentes na Mesa Provisional senón tamén a conversión da Xunta de Portavoces nun órgano si contido, a única función do cal é a de ser oído —que non escoitado seguramente— e dar así a falsa aparencia dunha democracia inexistente. Pra tan transcendente tarefa ben puideron evitarse o inútil atranco de fixar en dous o número de Grupos Parlamentarios pra solicita-la súa convocatoria. Pró único que serve é pra mostrar unha clara ruindade política.

A nova redacción das Normas Sétima e Décima contradí sustancialmente as aprobadas o 19 de decembro, e a designación de representantes foi realizada xa por tódalas forzas políticas, incluídos os seus autores, no prazo que se sinalaba. Pro todas estas correccións son unicamente apéndices dunha soa razón fundamental, que define o carácter da proposta e mailo talante antidemocrático dos seus autores: a fixación dun mínimo de cinco Deputados pra constituír Grupo Parlamentario. Tal pretensión nun Parlamento de setenta e un membros supera con moito a proporción necesaria en calquera dos Parlamentarios do Estado Español e mesmo doutros Estados. Este intento de abafar e silenciar a voz do nacionalismo galego preténdeno levar adiante minorías, se cadra mais cualificadas, pro minorías ó fin e ó cabo, porque entre tódolos componentes desta maioría natural que pretenden silenciar á outra metade das forzas políticas presentes no Parlamento, non suman mais do 76% dos votos totais e unicamente o 35% dos votos validamente emitidos. Minorías privilexiadas pola actual Lei Electoral e a regra de Hont, pois co 86% dos votos da Cámara contan co 93% dos escanos, mentras o resto, co 14% dos votos, non contamos mais que co 7% daqueles; en minoría maioritaria, Alianza Popular, que conta co 34% da representación electoral desta Cámara, nomatingue mais que o 30% dos votos emitidos e o 14% do Censo.

E todos sabemos que, no sistema capitalista en que nos desenvolvemos, os votos dependen dos cartos que se invirten e do control dos medios de comunicación, onde algúns fomos marxinaados contra toda legalidade nas

pasadas eleccións, cando non obxecto de todo tipo de difamación e calumnias.

O Grupo Mixto nun Parlamento como este non pode agrupar a forzas políticas que ofreceron as súas alternativas diferenciadas ó electorado, senón que debe ser aquel onde se integren os Deputados que abandonen a opción electoral pola que foron elixidos, se non se queren integrar noutra presente no Parlamento. O contrario é o que nesta proposta se pretende: abafa-la voz dos electores que depositaron a súa confianza en forzas políticas que consideraron que eran as que mellor representaban os seus intereses. E intentando silenciarnos a nós, están agredindo a un sector nada despreziable do pobo galego, están abrindo unha sima maior aínda se cabe da que xa existe entre as Institucións e os representados, están desvirtuando a democracia. E non só se pretende reducir á metade das forzas parlamentarias ó Grupo Mixto, senón que mesmo a través das Normas prá Sesión de Investidura, se intenta predeterminar e condiciona-lo seu funcionamento. ¿Por que non fan outro tanto con AP, UCD, PSOE?

A Coalición Bloque-PSG presentou un documento entregado esta mañá ó Presidente da Mesa Provisional pra que o fíxese chegar ás forzas políticas presentes neste Parlamento; nel preséntase unha serie de enmendadas nas que se contempla non só a corrección de tan escandalosas arbitrariedades, senón tamén algunhas aportacións pra un mellor funcionamento desta Cámara. Así, ó marxe das incompatibilidades recollidas na Constitución e mais no decreto 20/1977, queremos que aqueles Deputados que actualmente ocupan outros postos de representación en Concellos, Deputacións Provinciais e nas Cortes Xerais do Estado, renuncien ós mesmos, salvo os senadores que sexan destinados por esta Cámara, en virtude do artigo 12 do Estatuto e 69 da Constitución. Porque un Parlamento tan reducido non pode permitirse o luxo de estar pendente de señores mais ocupados nas institucións do Estado ou de Conselleiros de Consellerías que na Xunta anterior desempeñaban tamén funcións en Concellos, Deputacións Provinciais, aparte doutras agrupacións particulares.

Do mesmo xeito, consideramos que o actual regulamento das Cortes só pode actuar como supletorio naqueles preceptos que non foran obxecto de modificación nos actuais Parlamentos autónomos constituídos, porque

consideramos que, pola súa especificidade, a súa experiencia pode ser de mellor adaptación ó funcionamento desta Cámara.

A futura Xunta enfréntase cunha tarefa que non vai ser doada, tanto pola indiferencia e as poucas esperanzas que depositan na autonomía unha gran parte do noso pobo como pola ignominia que se verqueu sobre este país nun proceso estatutario vergonzoso, así como polo valeiro deixado pola anterior Xunta que, por non prever, nin sequer introduciu no seu presuposto unha partida prás sedes provisionais, e agora utilizamos estes locais de prestado que, por certo, á unha do mediodía, cando fixemos unha visita, estaban tan sucios como quedaron da Sesión do 19 de decembro. Esperamos tamén que este Parlamento perda a súa condición de itinerante canto antes. O noso pobo sabe que non fixeron nada e que non están facendo nada, e co espírito destas Normas saberá tamén que están dispostos a impedir que non o fagan aqueles que estamos realmente dispostos a facelo. Esperamos que as súas Señorías valoren as nosas enmendadas antes de emiti-lo seu voto, porque constitúen unhas propostas democráticas e razonables.

O funcionamento democrático das Institucións debe se-lo primeiro punto dun programa de Goberno, e se iso non queda claro hoxe aquí, se se aproba a proposta da Mesa tal como está pola forza dos votos — que non pola forza dos argumentos e da xusticia —, quedará abortada toda credibilidade democrática desta Institución, que aparecerá ante a opinión pública como un antro de caciquismo e reacción, e contribuirá a afundir aínda mais ese proxecto de Estado das autonomías, que é o seu e non é o noso.

E non pensen que os peores enemigos se atopan nesta minoría que se pretende esmagar, senón nos seus compañeiros de viaxe, porque esa maioría natural que compoñen A.P., U.C.D. e P.S.O.E., está carcomida polas contradicións, mesmo no seo de cada un dos Grupos, e o único que os mantén unidos agora é a complicidade na represión dos dereitos democráticos das minorías presentes neste Parlamento. Non pensen que a actual correlación de forzas hase de manter moito tempo. Nós esiximos simplemente que se asuman eses principios democráticos que tantas veces se din defender, pro que os feitos negan, como se ve na proposta que se somete á aprobación deste Pleno.

Se se aproban, non se poderá saír coa cabeza erguida deste recinto, e este Parlamento aparecerá claramente ante a opinión pública como un vehículo da política de agresión contra este país concebida en estancias alleas, da que aparecerán como fieis servidores se aceptan esta transgresión das Normas aprobadas o día 19 de decembro, que se cadra non recibiron o visto bo en Madrid, e por iso hoxe se ven obrigados a rectificar.

Non existe ningún criterio de racionalidade, nin de operatividade no que se poida soste-la defensa destas Normas. Son unicamente o reflexo dunha arrogancia inxustificable, que non soporta a igualdade dos dereitos, que agora o funcionamento dunhas Cortes de triste lembranza, que detesta a libre expresión e que instaura os privilexios dun patriciado. ¿Existe ou non vontade democrática nesta Cámara?. Esa é a cuestión. Porque a democracia só existe cando se pon en práctica, porque se non se respetan os dereitos lexítimos, a igualdade é unha palabra, a liberdade unha quimera, a solidariedade hipocresía.

O espírito da proposta é un espírito de intolerancia e de negación do outro, é unha proba de incivismo e de que a democracia formal, aínda no berce, está asediada por secuestradores sin escrúpulos. E aqueles que acepten tal atropello, aparecerán ante o noso pobo como unha coalición de tiranos. Non cubran aínda con mais desprestixio esta Institución. Por moi profundas e insalvables que sexan as diferencias que nos separan, ninguén nos pode sustrae-lo dereito a defender e expoñer aquí as reivindicacións dos que depositaron a súa confianza en nós; e farémolo asumindo o custo que poida comportar. Súa será a responsabilidade de que sexa imposible o diálogo, e o noso pobo saberá xulgar.

Dou lectura ás Normas, co permiso do Presidente, porque non sei se Vdes. as recibiron. De todas maneiras, estas Normas foron entregadas pra que as poideran coñecer.

O Señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Enmendas da Coalición Bloque-P.S.G. (eu coido que as deben de ter tódolos Deputados..., pro de todos xeitos, léaas).

O señor LOPEZ GARRIDO: Enmendas da Coalición Bloque-P.S.G. ás Normas de desenrolo das Provisionais aprobadas polo

Parlamento de Galicia, na sesión do día 19 de decembro de 1981.

Norma Primeira.— Composición. Propomos as seguintes redaccións: “constituíranse en Grupos Parlamentarios as formacións políticas ou coalicións electorais con representación parlamentaria independentemente do número de Deputados que teñan cada unha delas. Cada Deputado non poderá formar parte mais que dun Grupo Parlamentario”.

Norma Segunda.— No punto nº 2: “O Grupo Mixto estará composto por aqueles Deputados que abandonasen a forza parlamentaria pola que resultaron elixidos, salvo que optasen por incorporarse a algún dos Grupos Parlamentarios existentes”. O punto nº 3 desaparecería.

Norma Cuarta.— Funcionamento referente á Xunta e Portavoces. “A Xunta de Portavoces será convocada polo Presidente do Parlamento, a iniciativa propia ou a petición de calquera Grupo Parlamentario. En caso de votación, os votos computaranse polo sistema ponderado e, por tanto, cada Portavoz terá tantos votos coma escanos teña no Parlamento o seu Grupo Parlamentario”.

Norma Quinta.— Competencias. “A Xunta de Portavoces, xunto coa Mesa Provisoria, fixará...”, en vez da actual redacción.

Norma Sétima.— Composición. Manterase a mesma redacción da Norma Sétima aprobada na Sesión Constituínte do 19 de decembro.

Norma Novena.— Competencia, o punto nº 1. A de Incompatibilidades corresponde presentar ó Pleno un ditame sobre incompatibilidades ou non dos Deputados electos, en base ós supostos previstos nos artigos 71 da vixente Constitución, e no 4º do Real Decreto Lei 20/1977 do 18 de marzo. Os Deputados que ostenten outro cargo representativo en Concellos, Deputacións Provinciais ou nas Cortes do Estado, renunciarán ós mesmos. Exceptúanse aqueles Senadores designados polo Parlamento de Galicia, segundo o artigo 10, apartado c) do actual Estatuto.

Norma Décima.— Cláusula Xeral. Mantérase a redacción da Norma Décima aprobada na Sesión do 19 de decembro de 1981.

E na Disposición Final, “pró non previsto nestas Normas, aplicarase con carácter supletorio o Regulamento do Congreso dos Deputados de 17 de outubro de 1977, naqueles aspectos que non sufrisen modifica-

ción nos Regulamentos dos Parlamentos Autonómicos xa existentes”.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: pode facer agora uso da palabra o Sr. representante do PS de G-PSOE:

O señor VAZQUEZ VAZQUEZ: Señoras Deputadas, Señores Deputados, vou limitarme a explica-la posición do meu Grupo con respecto a este debate puramente regulamentario sobre as Normas de interpretación e as Normas de desenrolo que a Mesa propón a esta Cámara. E vouno facer precisamente, por respecto á propia Cámara, pra non incurrir no erro de ter que ser chamado á orde polo Sr. Presidente se saíra fóra da cuestión, e evidentemente por respecto a esta tribuna que ante todo debe ser unha tribuna parlamentaria e coido que, baixo ningún concepto, un atril mitinesco.

A posición do noso Grupo, con respecto a esas Normas, eu propoñería á consideración da Cámara tres enmendadas, dúas de adición e unha de supresión, que coidamos que dalgunha maneira respetan mais o espírito de translación ás Normas de funcionamento astra que esta Cámara teña un Regulamento propio, que cobre —repito— ese espírito de translación das Normas do Congreso dos Deputados e mesmo das Normas que poden rexir noutros Parlamentos do Estado. A ese respecto, nós coidamos que existen uns valeiros, e mesmo uns erros que, dalgunha maneira, desvirtúan totalmente o espírito contido e mesmo a propia letra no Regulamento do Congreso dos Deputados vixente a nivel de Estado, e que é aplicado con carácter supletorio no funcionamento desta Cámara astra que non teñamos un Regulamento propio.

Así, na Norma Terceira no primeiro apartado —e presento a comunicación “in voce”—, coidamos que nas reunións da Xunta de Portavoces da Mesa do Parlamento, deberase recolle-lo principio de que “en todo caso os Portavoces poderán estar acompañados dun membro do seu Grupo”, como así o di o Regulamento do Congreso dos Deputados, pois é evidente que haberá xuntanzas da Mesa do Congreso coa Xunta de Portavoces nas que se poderán tratar cuestións de carácter técnico ou se poderán tratar mesmo cuestións que afectan a unha Comisión determinada da propia Cámara, na que é evidente como di o Regulamento do Congreso dos Deputados, que o Portavoz

moitas veces se verá precisado da asistencia dun compañeiro parlamentario, ben técnico ou especialista na materia que se trate, ou mesmo do Portavoz do seu propio Grupo Parlamentario na Comisión da que se van examina-los seus traballos pola Mesa do Parlamento mais pola Xunta de Portavoces. Polo tanto, reflexariamos textualmente a frase contida no Regulamento do Congreso dos Deputados: “en todo caso (polos Portavoces) estes poderán estar acompañados dun membro do seu Grupo”.

En segundo lugar, respecto á Norma Quinta, apartado c), que di: “o número de membros de cada Grupo Parlamentario que deberán forma-las Comisiones”, nós sinalamos a necesidade de que se axuste isto ó principio contido no apartado 1º da Norma Segunda destas Normas Provisionais, nas que se di que nas Comisiones haberá que garda-la distinta proporcionalidade existente entre os Grupos Parlamentarios da Cámara. Mesmo o artigo 20, apartado 2º, do vixente Regulamento do Congreso dos Deputados di, taxativamente, que nas distintas Comisiones figurarán os Deputados en proporción á súa importancia numérica (agás precepto en contrario). E seme que o único precepto en contrario que podemos atopar é o que se trata das Comisiones de carácter permanente, como poden se-la Comisión de Incompatibilidades, etc., que pola súa propia actividade non precisa gardar unha proporcionalidade, pois se trata de presentar un ditame.

E, en terceiro lugar, unha enmenda de supresión que consideramos fundamental e que dalgunha maneira reflexa —podiamos definilo— senón unha lixeireza, si, polo menos, un olvido perigoso do precepto constitucional por parte da Mesa cando propón estas Normas. E refírome á Norma Oitava, apartado 2º, que di: “Os acordos adoptaranse por maioría simple, computándose os votos polo sistema ponderado” (refírese ás Comisiones).

Evidentemente, Señorías, é preciso suprimila última parte, a que se refire a “computándose os votos polo sistema ponderado”, pois este ingroducto un principio de consecuencias moi graves pró funcionamento do Parlamento, xa que no traballo dunha Comisión non pode existi-lo voto ponderado, desde o momento en que as Comisiones se forman proporcionalmente ó número de Deputados de cada Grupo Parlamentario.

Primeiramente, todos nós, como calquera parlamentario, constitucionalmente non estamos sometidos a mandato imperativo algún. Polo tanto, nos traballos parlamentarios, ademais de representar aquelas ideoloxías ou partidos, aqueles intereses dos electores, representamos, en último momento, aquel voto en conciencia daquilo que nós consideremos xusto en cada momento. E pódese da-lo caso de que nunha Comisión os representantes dun Grupo Parlamentario teñan opinión contraria, e voten uns SI e outros NON. E eu preguntarialles ás súas Señorías, entón quen é o que leva os votos de todo o seu Grupo; un Grupo de 16 membros dos cales hai catro nunha comisión e dous votan SI e dous votan NON, ¿o voto ponderado: quen ten os dezaseis votos, os dous que dixeron SI ou os dous que dixeron NON?

Os membros da Cámara, fose cal fose a nosa disciplina partidaria —repito— ou a nosa adscripción parlamentaria, estamos sometidos ó voto en conciencia e non estamos sometidos a mandato imperativo. Pro o que é mais, é que mesmo existe xa unha Norma no Congreso dos Deputados (concretamente unha Resolución da Presidencia do Congreso dos Deputados de 27 de abril de 1979, publicada no Boletín Oficial das Cortes o 2 de maio de 1979), que sinala que non existe voto ponderado en Comisión, senón que, polo contrario, o voto será individual de cada membro de Comisión. E establece que cando haxa empate entre tódolos Grupos, votando os membros de cada Grupo identicamente, entón, se houbese empate, podíase trasladalo voto ponderado na maioría da Cámara. E eu creo que isto non cabe neste Parlamento de setenta e un membros, no que existen unhas diferencias entre os distintos Grupos Parlamentarios, no que a representación numérica nas distintas Comisións, no traballo das Comisións, impide en calquera caso a existencia dun empate. E todo o mais sería o problema de busca-lo célebre número máxico que creo que ven reflexado dunha maneira bastante perfecta na proposta que fai a Mesa prá composición da Comisión de Regulamento sinalando que foran seis, seis, catro e dous, e desa maneira non cabe empate; pro de todas maneiras —repito— non podería existi-lo voto ponderado.

E polo que respecta ás Normas da Sesión de Investidura, creo que aquí si que dalgunha

maneira teño que trasladala sorpresa do meu Grupo, pois non hai un traslado formal e un traslado taxativo das Normas que se conteñen no Regulamento do Congreso dos Deputados ó que se refiro constantemente, polo feito de que é a Norma Supletoria da actuación desta Cámara, xa que no Congreso dos Deputados hai dúas clases de debate de Investidura, ben sinalado claramente ademais polas Normas da propia Presidencia, as Normas de 29 de marzo do 79 e as Normas de 11 de febreiro de 1981, respecto ós debates de Investidura cando o debate de Investidura sexa dun contido xurdido das urnas na primeira Sesión do Parlamento, ou ben cando un candidato xurdir dun Voto de Censura ou dunha modificación no Presidente, neste caso da Xunta, ó longo dos traballos parlamentarios. Dito doutra maneira, sería a diferenca existente na actuación parlamentaria, entre o que foi o primeiro candidato ó Goberno, señor Suárez, e o segundo candidato, señor Calvo-Sotelo, que reflexaron con estas Normas, dalgunha maneira, a súa maior ou menor tendencia a admiti-lo debate, a interpelación e a réplica nos traballos parlamentarios, sobre todo no debate de investidura. E nestas Normas da Sesión de Investidura refléxanse confusamente unhas e outras e eu invitaría á Mesa, dalgunha maneira, a que fixera as modificacións precisas pra que se reflexara exactamente un ou outro sistema.

Eu non quixera remata-lo meu parlamento, desde logo, sin facer unha referencia ó contido destas Normas no aspecto de que o que estamos facendo —ou inténtase facer— é transformar nun debate político algo que é un debate regulamentario. O noso Grupo, cando haxa o debate, tanto en Comisión como en Pleno, do Proxecto de Regulamento do Parlamento Galego, xa alí especificaremos con claridade cal é a nosa postura.

Pro o que é certo que moitas veces produce polo menos estupefacción, cando se intentan trabucar razonamentos políticos con cuestións que son puramente normativas ou cuestións que teñen unha base claramente xurídica, como é a existencia dos Grupos Parlamentarios, existencia que é a base da independencia do propio Parlamento. Todos sabemos que, en pura teoría política, a independencia do poder lexislativo vén marcada pola súa propia autonomía, pola súa propia capacidade de definir cales van se-los

seus órganos de goberno, de definir como vai se-lo seu sistema de traballo en Comisións, e de definir, dunha maneira clara, como vai se-la forma de participación, ben a nivel de participación individual, restrinxindo e limitando, pro tamén definindo, os dereitos individuais de cada Parlamentario, e tamén o sistema de traballo a través dos Grupos Parlamentarios, que é unha figura existente en tódolos Parlamentos, e que ten unha modificación que vén marcada sempre por principios de carácter normativo e penso que nunca por principios de carácter político, ou, polo menos, non debe ser así.

Barallar cifras sempre é perigoso; podemos barallar cifras, evidentemente, de Parlamentos que non teñen ningún tipo de Grupo Parlamentario porque vén marcado pola súa realidade xurídica e constitucional, como poden se-los das democracias anglosaxonas, Inglaterra ou Estados Unidos, nas que polo sistema de elección maioritaria e polo sistema de dous grandes partidos non fai falla a existencia de grupos parlamentarios; podemos coller un arco amplísimo desde un Parlamentario existente no Parlamento Holandés, ou dous Parlamentarios no Parlamento Xaponés, tres no Belga, sete no Irlandés, podemos chegar astra vinte no Parlamento Italiano, ou trinta no Parlamento Francés, pro temos aquí un principio, simplemente, de traslación dunha Norma Supletoria que é a utilizada polo Congreso dos Deputados, que fixou en cinco o número do Grupo Parlamentario; sistema recollido por outro Parlamento a nivel de Estado como é o Parlamento Vasco, que tamén ten Grupo de cinco, e o sistema que vai ser reformado en datas próximas polo propio Parlamento Catalán, que se ben sinalaba a existencia de dous por Grupo Parlamentario, tamén facía un sistema amplo de adscrición de Parlamentarios independentes.

O que se trata non é de fixar un número; o que se trata é de determina-la existencia dos propios Grupos Parlamentarios. Isto é algo que debe quedar claro, porque é o que garantiza a gobernabilidade dun Parlamento. Polo tanto, eu non entro na discusión do número máximo de cinco, sete, oito, dez, simplemente limitome a acata-la aplicación a este Parlamento dunhas Normas Supletorias. Pro o que si quero deixar claro é a necesidade e a defensa que facemos nós da existencia destes Grupos Parlamentarios, porque unha

excesiva fragmentación da Cámara fai que a Cámara sexa ingobernable. Este é un principio que dá paso, moitas veces, á aplicación do término parlamentario do filibusterismo político, que tanto pode vir marcado por unha maioría que se exceda nas súas funcións como tamén pode vir marcado por minorías que intenten torpedear-la acción normal do lexislativo ou do propio executivo.

O que certamente debe preocupar ás súas Señorías, é que o Regulamento deste futuro Parlamento Galego, como é o vixente Regulamento do Congreso dos Deputados, garantice, dunha banda, os dereitos individuais de cada Señora e Señor Deputado, e, doutra banda, que garantice tamén o establecemento dunhas garantías a través dos Grupos Parlamentarios. Isto existe nas Normas Supletorias. Hai a facultade individual de cada Deputado pra recabar datos, pra asignación de dietas, pra pedir lectura de normas, pra pedir observación de Regulamentos, pra presentar proposicións de lei, pra presentar interpelacións, pra presentar preguntas; isto é certo, é unha maneira de garantir eses dereitos individuais. Pro tamén, no Regulamento a nivel do Congreso de Deputados, como no Regulamento Vasco ou no Regulamento Catalán, ou calquera regulamento dun sistema democrático occidental, que polo menos coido eu que debe se-la máxima aspiración desta Cámara, e seguir esa liña, tamén evita a excesiva fragmentación, e indica cando é preciso que unha lei a envíen dous Grupos ou cincuenta Deputados, ou a modificación de Sesións a poidan facer dous Grupos ou cincuenta Deputados, ou que un Grupo ou quince Deputados poidan presentar proposicións de lei. Porque eu diría qué espectáculo neste Parlamento, ou en calquera Cámara que se configure como Parlamento, e non como Asamblea, qué espectáculo o que só unha voz poidera impedir, con modificacións continuas da Orde do Día ou das Sesións do Pleno, poidera impedir continuamente o desenrolo ou funcionamento normal da propia Cámara.

Polo tanto, penso que os Grupos Parlamentarios son un recoñecemento taxativo, xurídico, normativo, que se fai da funcionalidade propia das forzas políticas, que moitas veces vén marcado pola vontade do pobo a través do seu voto. E baixo ningún concepto poden ser unha individualidade de cada un de nós.

De acordo con iso, nós propoñemos á Mesa pra que presente ó Pleno da Cámara o feito de que se introduzan esas tres enmendas "in voce", en canto dúas enmendas de adición e unha enmenda de supresión que reflexan dunha maneira concreta o contido da Norma Supletoria que aquí citamos, e, doutra banda, expresámo-la nosa aprobación con respecto ó normal contido destas Normas que serán as que nos servirán pra nos poñer en funcionamento astra que o Regulamento desta propia Cámara teña en conta as nosas propias peculiaridades.

Mais nada e moitas gracias pola súa atención.

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Moitas gracias.

O Sr. representante ou Portavoz do grupo de UCD.

O Sr. PARDO MONTERO: Sr. Presidente, Señorías, vou consumir un turno, un breve turno, en defensa fundamentalmente da proposta da Presidencia, e vouno consumir lamentando primeiramente dúas cousas na orde persoal; unha é que o meu estado de saúde por unha afección gripal me faga difícil hoxe falar aquí, nesta difícil acústica desta bóveda, destas pedras que están sin dúbida cargadas de historia pro tamén de humidade; e outra é que o meu galego, como dixeran polos rúes, polas corredoiras da provincia de Lugo onde fixen a campaña electoral, é unha simple anécdota, sobre a marcha, sexa un galego ramplón, sexa un galego popular, sexa un galego coloquial, non un galego técnico, galego que eu non cheguei a alcanzar, pro vaia no meu descargo que foi aquel galego —é un humilde descargo— no que eu xurdín coas primeiras inquedañas en torno ó noso país. E dito isto, quería saudar ó Parlamento na primeira Sesión autenticamente funcional do mesmo, aquela onde está dando paso a un camiño longo que eu lle desexo prometedor nesa tarefa difícil pro tamén apaixonante de construí-la personalidade do noso País.

Feito este pequeno preámbulo, polo cal pido disculpas, vou entrar consumindo o turno, nunhas brevísimas consideracións, e digo xa de antemán que non vou recoller desde o punto de vista do meu Grupo as cuestións suscitadas en detalle por un tema que eu considero, como alguén que me precedeu no uso da palabra estritamente

xurídico e regulamentario, e non deste lugar. Polo tanto, vou sentar como creo que debe interpretarse este debate; este debate abreviado; cales son os seus xustos límites e cal é a finalidade que preside.

Entendo que é unha proposta da Presidencia, ou da Mesa, fronte á cal se abre unha sorte de aportación, de escoita, de atención ó que poidan deci-las distintas forzas, pro que no fondo esta audiencia débese mais que nada a unha xenerosidade da propia Presidencia; porque entendo que neste momento inicial a ela soa lle compite: á Presidencia —neste caso como din as Normas á Presidencia asistida da propia Mesa—, lle compite o regula-lo procedemento astra que o Parlamento entre na plena funcionalidade. E penso que a Mesa, ó iniciar estas Normas e face-la proposta, tivo en consideración tres criterios —vounos chamar así—: un criterio de oportunidade, un criterio de competencia; e un criterio de finalidade.

O primeiro criterio, de oportunidade, baséase simplemente no feito de que este Parlamento ten que ser operativo aínda antes de ter aprobado o seu Regulamento. Ten que ter unhas Normas Provisionais que lle respondan pró debate e pra leva-las Sesións, algunhas de tanta importancia como pode ser a propia competencia. Evidentemente, fixéranse unhas Normas, pro entendo que esas Normas que estaban ahí eran unha serie de formulacións de orde práctica, e regulamentaria que tiñan un período de vixencia moi concreto, que era aquel que ía entre a Xunta Preparatoria —de quen emanaban— e a formalización da Mesa Provisional do propio Parlamento, isto é, a constitución orgánica do Parlamento. A partir de ahí, resulta que o Parlamento é autonormativo, e conseguintemente a el só lle compete o regularse, darse unhas Normas, ou darse unhas directrices pra que poida leva-los debates astra que o seu Regulamento Provisional estea aprobado. E a presenza nesa normativa non lle correspondía —entendemos que non lle correspondía— ás forzas políticas, senón precisamente ós Grupos Parlamentarios. Aluden as Normas Provisorias, anteriores a esta, das que a Presidencia fai a proposta: "as forzas políticas con representación parlamentaria", pro hai que entender que a representación parlamentaria desas forzas políticas é precisamente a través dos Grupos Parlamentarios, e os Grupos Parlamentarios teñen unha dobre

consideración; dun lado, efectivamente, son órganos que responden ó partido electoral que os forman, no seo do cal nacen; pro, por outro lado, tamén son órganos de funcionalidade da propia Cámara, e nesa dobre dimensión teñen que ser adscritos en perfecta forma, refrendados neste preciso momento ou noutro momento posterior, polo Parlamento.

E digo que o Parlamento e as Cámaras en xeral son autonormativas porque mais alá da Constitución, que está por encima, e do Estatuto de Galicia neste caso, teñen a facultade de regularse. E afirmo isto saíndo ó paso dunha manifestación do representante do Grupo Comunista, recordándolle que precisamente o seu Grupo a nivel de Cámara de Deputados en Madrid, dixo en ocasión semellante, por boca do seu Secretario Xeral, que “la potestad autorreglamentaria de las Cámaras como principio básico que informa la naturaleza democrática de estas Cortes, faculta a las mismas a modificar desde el momento de su constitución aquellas Normas de Régimen Interior que hasta el momento han servido para organizar provisionalmente el trabajo parlamentario”. Con esta afirmación, que comparto, creo que deixamos claro un dos temas aquí plantexados.

A etapa provisional entrou nunha segunda fase. E a fase en que o Parlamento, xa coa súa Mesa constituída, acorda regularse pra un período que tamén se inicia a partir de agora astra que se produza a aprobación do Regulamento. Evidentemente, segundo as remisións que se fan ó Regulamento do Congreso dos Deputados —que eu teño que advertir que non nacen do Estatuto de Galicia, que nacen do Decreto de Convocatoria emanado da Xunta de Galicia prá convocatoria do Parlamento—, a mención dese Regulamento do Congreso dos Deputados, é simplemente de carácter xenérico pra leva-los temas, pra leva-la forma dos temas, astra aquel momento no que xorden precisamente as Normas que o Parlamento se dá, desde que está constituído. E evidentemente—, e con iso chegamos ó criterio de finalidade—, aparecen nas Normas dúas consideracións básicas a ter en conta: Unha, a de regulamentar ese intervalo; pro, outra, a de regulamento gardando unha certa proporcionalidade e, ademais diso, respondendo á finalidade de que o Parlamento teña esa operatividade, esa funcionalidade que debe ter. Neste senso, a proporcionalidade debe estar informada pola nosa condición de

galegos, que é, a dun pobo mesurado, a dun pobo de equilibrio, a dun pobo responsable e que sabe escoitar. Pro a proporcionalidade ten que vir en certa medida dada polos resultados electorais. Estas Normas que están aquí, estas Normas que propón a Presidencia dan unha resposta, ou pretenden dar unha resposta a unha proporcionalidade que se deriva das eleccións, porque se un sistema democrático se basea no mandato das maiorías con respecto ás minorías, tampouco serve senta-lo criterio inverso, de que as minorías impoñan solucións que sexan contrarias a aquelas que responden á maioría do pensar dun colectivo. A proporcionalidade, como dixo hai algúns momentos o representante do PSOE, é moi diferente segundo os países. E moi diferente na propia España, desde os dez que se requíeren no Grupo do Senado, desde os quince que se requíeren por Grupo Parlamentario no Congreso dos Deputados, desde os tres de Bélxica, desde os cinco de Austria, desde os doce de Canadá, astra os quince Alemania e os vinte Italia. Hai moita diversidade de consideracións, hai moita diversidade de supostos, que responden tamén a moitas posicións diferentes no contido social e no contido político de cada un destes pobos. A proporcionalidade que se garda aquí temos que indicar que non cabe neste momento discutila mais alá da proposta da Mesa. En realidade, son temas a pospoñer ó trato do regulamento nas discusións do seu momento. Realmente, hai unha —diríamos— xenerosidade que se pon de manifesto no feito de que, en tanto o regulamento non teña vixencia, a Mesa considerou necesario que aparecese a presenza dos Grupos cunha certa entidade, e realmente cunha entidade que non responde á proporción na Cámara, porque a proporcionalidade que hoxe aparece nesta proposta de Normas referida ó tempo de intervención, por exemplo na Sesión de Investidura, é bastante favorecedora daquelas minorías representadas. Temos que decir que neste sentido, non cabería aquí falar de enmendas; sin embargo, houbo algunhas, como as propostas polo representante do PSOE, que merecen ó meu xuício consideración. Realmente, da primeira que aparece, da que na Xunta de Portavoces poida o representante ou Portavoz ir asistido dun especialista ou ir asistido de calquera outra persoa que lle poida prestar no momento desexado un acopio técnico, ou a posibilidade

de actuación que en cada caso lle pode ser requirida pola materia que se trate, parécenos oportuna e conducente mesmo neste momento provisional. A segunda de supresión, tamén nos parece conducente: efectivamente, as Comisións están compostas cunha proporcionalidade que xa está aí, e non cabe alterala, e non cabe o voto ponderado. E cabe tamén —o que hai que respetar— o dereito do propio individuo, do propio Deputado, a cambiar de opinión, a ser convencido polos razonamentos da outra parte. En cambio, témo-las nosas dúbidas respecto á segunda das obxeccións propostas. Como isto sería algo que cabería quizais considerar, eu pediría antes de finalizar, e rogaría da Presidencia que suspenderá uns minutos a Sesión pra ver se algunha destas enmendas "in voce", en canto poidan ser operativas, en canto poidan contribuír á finalidade dunha mellor regulamentación provisoria da Cámara, teñan ou deban ser, acollidas.

Moitas Gracias.

O Señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Gracias. Agora o señor representante de Alianza Popular.

O señor BARREIRO RIVAS: Señor Presidente, señoras y señores Deputados, no momento de facer por primeira vez uso da palabra en nome dos Deputados de Alianza Popular, e tendo en conta que esta é a primeira vez que existe tamén unha Cámara representativa do pobo galego xurdida dunhas eleccións democráticas, cómpre en primeiro lugar, facer un explícito ofrecemento ó pobo de Galicia, representado polas súas Señorías, dunha colaboración sinxela no feito de que poida desenrolarse de aquí en adiante un labor lexislativo e un labor de control do Executivo Galego que poida levarnos a todos a acadar ese mellor nivel dos cidadáns galegos, ese maior afianzamento de democracia en Galicia, esa maior integración de Galicia como pobo nunha España doutros pobos que tamén están loitando nestes momentos pola mellora das súas propias condicións de vida e pola mellora dos seus plantexamentos políticos, que os leven adiante; e cómpre, en definitiva, saber que todos coincidimos nun fondo, que é este traballo por Galicia, no cal manteremos evidentemente as nosas discrepancias políticas, porque pra iso somos tales grupos políticos e seremos tales Grupos Parlama-

rios, pro que, evidentemente, o faremos con este desexo de que se poida ir progresando día a día, suplindo tódalas dificultades, nun camiño dunha Galicia mellor.

Pasando ó tema que xa nos ocupa nesta primeira Sesión Plenaria do Parlamento Galego, penso que deberíamos ser, en primeiro lugar, conscientes de que polo feito de que acabamos de nacer, polo feito de que son os primeiros pasos os que estamos dando, temos que ir dándonos con urxencia unhas normas polas cales temos que ir rexendo os nosos propios debates. E, por tanto, non estamos aquí nestes momentos traendo unhas propostas que foran obxecto de estudio polas Comisións e despois debatidas en Pleno, senón que estamos dando os primeiros pasos e, por tanto, cabe que moitos dos criterios que hoxe se adopten sexan posteriormente discutidos e, sexan asumidos por un regulamento que pode ser distinto do que hoxe, pode variar algunhas das Normas que hoxe se están sometendo á aprobación desta Cámara. Pro que, en definitiva, non podemos esperar pra andar a que esta discusión regulamentaria se produza e, temos que ir dándonos estas primeiras normas como normas provisorias, apoiadas no regulamento do Congreso dos Deputados, que, como se decía nas Normas aprobadas o 19 de Nadal, veñen a ser as que ten que substituír todo aquilo que nas propias Normas se vaia dando día a día esta Cámara e aínda non estea contemplado.

Hai que decir que, efectivamente, se vén facendo deste debate algo mais político ca técnico, algo mais que parece que está sendo un debate de estilo político tal como podería ser un debate de Investidura ou semellante, e non realmente algo que contemple expresamente e especificamente o tema que estamos aquí a debater, que é o deste desenrolo das Normas aprobadas o 19 de Nadal. E, por tanto, vénse acusando a determinadas forzas de estar empregando unha forza política dunha maneira antidemocrática cando, en realidade, tamén se están invocando unhas razóns políticas pra que se faga un respecto a unhas minorías e mesmo se está traendo aquí unha crítica que coido que non corresponde a esta Cámara: o sistema actual vixente pra elección dos Deputados, cal é a regra de Hont, que, por suposto, en virtude dela están certas minorías representadas, e do contrario, se se aplicasen outros sistemas

como o maioritario, estarían barridas polo electorado de Galicia neste momento.

Tamén é un pouco de destacar que astra agora soamente se fixera unha mención ó caso do País Vasco e, en cambio, se viñeran utilizando outro tipo de alusións a outro tipo de Cámaras, tanto españolas como europeas, pra apoiar-lo feito de que os Grupos Parlamentarios se constituían con distinto número dos que aquí veñen preconizados nas Normas que hoxe somete a Mesa a este debate. Evidentemente, isto ven a destacar que dalgunha maneira se quere instrumentalizar este feito da proporcionalidade que se quere manter entre o número de membros dos Grupos Parlamentarios na Cámara Galega e o número de membros por exemplo, do Congreso dos Deputados; e hai que decir que, efectivamente, en primeiro lugar, tal e como decía antes, non está isto tratándose como unha cuestión definitiva: haberá de decidilo o Regulamento. Pro, en todo caso, hoxe aplicámo-lo Regulamento do Congreso dos Deputados como se aprobou que sería aplicado con carácter supletorio na Sesión do 19 de Nadal, e por tanto, fíxase o número de cinco membros pra formar Grupo Parlamentario. E Alianza Popular está de acordo con esta aplicación supletoria do Regulamento do Congreso dos Deputados.

Hai que decir, en segundo lugar, que non é precisamente do feito de que se estableza unha proporcionalidade similar á do Congreso dos Deputados pola que encontran xustificación o número que ha de formar parte de cada Grupo Parlamentario, senón por razóns de funcionalidade e de operatividade da propia Cámara; e, por tanto, deberíamos de fuxir deste tipo de comparanzas porque, do contrario, tamén entraríamos na propia comparanza mesmo da representación parlamentaria, é decir, de qué Parlamentos representan mais ou menos en función de que teñan maior proporcionalidade de escanos por número de habitantes. Evidentemente, non se trata diso, senón de que no fondo haxa unha xustificación pra que o funcionamento da Cámara sexa a través de Grupos Parlamentarios cun número determinado e pra que se poidan organizar dunha maneira mais axeitada os debates nestas Cámaras, e tamén hai que decir que parece oportuno, utilizando, tamén tal e como se aprobou aquí nas Normas Provisionais do 19 de decembro, aquí o Regulamento do Congreso dos

Deputados, tamén parece oportuno que a Mesa presente este tipo de desenrolo das Normas Provisionais proque iso faculta o regulamento do Congreso dos Deputados, pra que a Mesa tamén teña a capacidade de propoñer estas Normas ante a propia Cámara. E, por tanto, nós entendemos —e así o fixemos constar e así o apoiamos a través dos nosos membros representantes na Mesa— que isto efectivamente así pode suceder, e Alianza Popular non lle ofrece ningún tipo de problemas ó feito de que a Mesa, de por si e por unanimidade, presentara este proxecto ante a Cámara.

Pódese hoxe en día discutir se sería preciso, se sería posible esperar á constitución de Grupos Parlamentarios mais adiante ou se sería mesmo posible esperar a que se redactase o regulamento desta Cámara pra poñer en funcionamento os Grupos Parlamentarios. Alianza Popular coida que hai razóns de urxencia pra crear canto antes os Grupos Parlamentarios.

En primeiro lugar, porque non se pode esperar nesta Cámara, pra que empece un proceso lexislativo áxil cal necesita hoxe Galicia e o seu Goberno, non se pode esperar a este regulamento do Parlamento que pode tardar varios meses, pra que os Grupos Parlamentarios como tales poidan exercer unha serie de labores parlamentarios, de tarefas parlamentarias, que lle están encomendadas de acordo coa normativa do Congreso dos Deputados e que nós podemos empezar desta maneira a poñer en funcionamento desde agora tendo os Grupos Parlamentarios constituídos.

Hai, en segundo lugar, o feito de que a constitución da Xunta de Portavoces é posible soamente a traves desta formación dos Grupos Parlamentarios, posto que, do contrario, quedaría dalgún xeito desvirtuada a representatividade das forzas maioritarias nesta Cámara ante a Mesa do propio Parlamento. Por tanto, é preciso que se establezan previamente os Grupos Parlamentarios pra que a Xunta de Portavoces poida funcionar con tódalas consecuencias, con tódalas capacidades, representando a esta Cámara ante o Parlamento.

En terceiro lugar, é necesario tamén constituírmo-los Grupos Parlamentarios pra podermos así constituír tamén de forma axustada ás propias Comisións dun xeito proporcional e pra podermos empezar a desenrolar le-

xislativamente o que nestes momentos necesita —repito— Galicia e o seu Goberno. E aquí teño que dicir que o dereito dos Parlamentarios, dos Deputados, a estar presentes nunha Comisión polo menos, terase que cumprir cando tódalas Comisións que se creen de acordo co Regulamento estean constituídas; pro non se pode constituír cando non se pode cumprir, cando soamente dúas Comisións están funcionando, porque, do contrario, tódolos Parlamentarios teríamos que estar representados practicamente nestas dúas Comisións.

Tamén pensamos que é necesario que estean xa en funcionamento os Grupos Parlamentarios como tales pra que sexa máis posible a regulación estrita dos debates Parlamentarios de acordo coa composición real da Cámara, porque, do contrario, as voces que se poideran ouvir nesta Cámara estarían realmente con carácter desproporcionado porque, por unha banda, un pequeno número de Deputados disporía do mesmo tempo e disporía nesta Cámara das mesmas posibilidades de facerse ouvir có resto das forzas parlamentarias, que teñan unha maioría nidia.

E tamén nestes momentos cómpre facerse aquí eco dunha interpretación especial que hai da democracia, no senso de que o respecto das minorías esixe un certo complexo das maiorías no sentido de que no poidan establecer claramente os criterios polo feito de non se enfrentar ou de non deixar claramente as súas posicións en detrimento dunhas minorías.

Alianza Popular, dende logo, sabe perfectamente que noutros momentos estivo en minoría, sabe que no Parlamento Vasco está pertencendo a un Grupo Mixto con dous Deputados —nun Parlamento con menor número de membros que este Parlamento Galego— e, sin embargo, mantén o mesmo criterio de que a proporcionalidade nas Cámaras debe establecerse tamén no seu propio funcionamento e na utilización da voz da tribuna parlamentaria.

Por tanto, Alianza Popular mantén aquí o criterio nas forzas parlamentarias de que se formen Grupos Parlamentarios de cinco e que as forzas que non teñan acadado este número se integren nun Grupo Mixto, tal como di a Norma presentada pola Mesa, porque deste xeito se esta cumprindo, dalgunha maneira, o mandato do pobo galego, que deu unha

maioría a determinadas forzas nesta Cámara.

Cómpre, pois, dicir que Alianza Popular acepta fundamentalmente a normativa proposta pola Mesa prá formación de Grupos Parlamentarios, que vén desenrolando unha Norma anterior aprobada por esta mesma Cámara por asentimento o mesmo día da súa constitución.

E quero facer unha alusión a unha das enmendas presentadas polo Partido Socialista Obrero Español no senso de que parece evidentemente razoable que os membros, os Portavoces dos Grupos Parlamentarios, na Xunta de Portavoces, poidan estar asistidos por outro membro do seu grupo que poida, pois, dalgunha maneira, axudalo con carácter técnico, asesorando. Evidentemente, podíase entender que isto se fixera así mesmo no suposto de que non estea expresamente dito nestas Normas, por aplicación supletoria igualmente do Regulamento do Congreso dos Deputados. Sin embargo, se por iso vai quedar máis claro poñéndoo nestas propias Normas, Alianza Popular non tería ningún inconveniente en que así se fixera. Evidentemente, chegará o momento máis adiante en que desde esta mesma tribuna e despois dos previos debates que se fagan na Comisión de Regulamento, cada un destes supostos terá que ser novamente debatido, e non podemos caír na idea de que pode haber unha certa ditadura parlamentaria no senso de que o Parlamento non pode revisar ou completar ou mellorar ou desenrola-las súas propias normas que vai ditando. Evidentemente, teremos capacidade posteriormente de ir revisando, no momento en que poidamos ter tempo e ter Comisións establecidas pró estudio de todas estas Normas, poderemos volver sobre elas; pro, de momento, tendo en conta que a Sesión de Investidura non se pode retardar, e tendo en conta que inmediatamente o Parlamento deberá de levar adiante a súa tarefa lexislativa, deberemos, por tanto, aprobar estas Normas con independencia —digo— de cal sexa a postura que máis adiante vaíamos adoptando na Comisión de Regulamento.

Mais nada. Moitas grazas.

O señor GUERREIRO CARREIRA: Señor Presidente, pido a palabra por alusións.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Alusións, realmente non houbo ningunha. De momento, eu entendo que realmente foi

aludido nun sentido obxectivo, pro non hai unha alusión de tipo persoal.

O señor GUERREIRO CARREIRA: Señor Presidente, o señor representante de UCD puxo en entredito a coherencia do Grupo Comunista ó propoñer aquí unha cousa falando a propósito dunha suposta incoherencia do Portavoz.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Cun criterio de liberalidade, anque entendo que, desde logo, non hai motivo pra se considerar aludido, pois..., faga vostede uso da palabra durante tres minutos.

O señor GUERREIRO CARREIRA: Moitas gracias, señor Presidente. Eu quero dicir rapidamente, aproveitando a xenerosidade do señor Presidente, que naturalmente, esta Cámara ten a necesidade e o deber de autorregulamentarse e ninguén llo pode discutir. O que si puxo en entredito este representante do Partido Comunista é que hai que facelo conforme ás Normas vixentes transgredidas nesta Sesión; e poden cambiarse esas Normas, pro hai que partir das que existen. E as que existen, aprobadas por este Parlamento, foron terxiversadas nesta primeira Sesión. Polo tanto, a Mesa non tiña atribucións pra presentar este proxecto de Normas chamado de desenrolo da Sesión do día 19. Como tampouco non ten, en uso da súa capacidade autorreglamentaria, a potestade de cambiar e terxiversar dereitos e libertades recoñecidos na Constitución Española. Evidentemente ten que haber Grupos Parlamentarios. O que non se pode facer é, por exemplo, chegar a unha situación que pode se-la seguinte: no Grupo Mixto, tal como se propón ahí, o Bloque PSG ten tres Deputados, Esquerda Galega un e o Partido Comunista de Galicia un; se só se poden presentar Proxectos de Lei por Grupo Parlamentario ou por quince Deputados, evidentemente, se o Bloque quixese —que estou seguro que non o fará—, pro se quixese —poño a posibilidade desa arbitrariedade— con tres votos pode presentar tódolos proxectos de lei que queira a ser defendidos en nome do Grupo Mixto, utilizando o voto de Esquerda Galega e do Partido Comunista, que son dous Partidos políticos. Utilizando eses votos o Bloque pode impedir que Esquerda Galega e nós fagamos ningunha proposición de lei, e ademais facela eles en

nome de partidos que temos estratexias contraditorias e astra antagónicas. Polo tanto, o que está claro á que nin negámo-la capacidade de autorregulamentárense as Cámaras, nin de cambia-las súas Normas cantas veces queiran, nin dos Grupos Parlamentarios nin a necesidade de que existan esas Normas, pro hai que facelas partindo da legalidade vixente, e esas son as Normas aprobadas o día 19 que xa foron terxiversadas nesta reunión. E se hai algunha reunión da Mesa pra considera-las enmendadas presentadas, este Partido, o Partido Comunista, propón que se cumpran esas Normas e se reúna a Mesa cos partidos políticos, tal como consta nas Normas vixentes astra este momento.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Xa vedes —si, Sr. Deputado— que a súa intervención non se limitou simplemente a alusións, senón que foi unha aplicación da súa intervención anterior.

Escoitadas as forzas políticas, suspéndese a Sesión por vinte minutos.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Reanúdase a Sesión. ¿Que di o Deputado Sr. Pardo?

O señor PARDO MONTERO: Que desexaría contestar por alusións, porque penso que eu si que fun aludido directamente.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Ben..., pro é que realmente xa pasou tanto tempo que perdeu a alusión no espacio.

O señor PARDO MONTERO: Como o señor Presidente suspendeu a sesión, non me deu oportunidade, a pesar de que tiña o brazo levantado.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Ben... pois, co mesmo criterio que tiven antes, se lle parece ó Sr. Deputado, fale, pro durante dous minutos.

O señor PARDO MONTERO: Ben, eu quería dicir, simplemente, ó representante do Grupo Comunista que, a pesar dos meus 39 grados de febre e da situación física en que me encontro hoxe, creo que distingo suficientemente os criterios. Que unhas cousas son as Normas feitas previamente por unha

Xunta —a finalidade das cales era eleix-la Mesa Provisional e a constitución orgánica intrínseca da Cámara— e outras son as Normas de que, con carácter provisorio e a partir de ahí e astra o Regulamento, se dote esta propia Cámara unha vez constituída.

Penso que non contestou por alusións senón que, de feito, contestou ó fondo prevaléndose a unha alusión que eu creo que non fora, de ningunha maneira, expresada. Pro tamén non deixa de ser sospeitoso que, a teor destas circunstancias, se aluda sempre á constitución dos Grupos, anticipándose a algo que vai ser unha tarefa fundamental do desenrolo moito mais miucioso e detallado do propio Regramento. E que se faga non precisamente polo Grupo que ten unhas posibilidades que están ahí —que eu non prexuzgo a postura do meu propio Grupo cando chegue o momento— pro que están ahí, de ser ou non acollido como Grupo Parlamentario, senón xustamente por aqueles que se quedarían no Grupo Mixto. Entón viñeron á miña mente dúas frases: unha era de Píndaro, que decía que está ben que o bou que teña dúas áncoras, que non será un exceso de previsión; e outra, nada menos que de Samaniego, que decía algo así: “tengo oído que en la paz se forja el buen guerrero, asimismo en la calma el marinero, y que vale por dos el prevenir”. ¿Non será que algunhas forzas unipersonais, de representación parlamentaria unipersonal, tratan —diríamos— de monopolizar, cuantitativa e cualitativamente, o Grupo Mixto?

Moitas gracias, Sr. Presidente.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Pido a palabra pra unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Home..., se é pra unha cuestión de orde, evidentemente ten Vde. dereito.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Pido, en primeiro lugar, que haxa un turno de palabras dado que no primeiro turno creo que non quedaron suficientemente explicitadas as posicións políticas —que non xurídicas— respecto dos Grupos Parlamentarios.

En segundo lugar, pido que sexan sometidas a votación tódalas enmendadas aquí presentadas, dado que, en primeiro lugar, nesta Sesión se cambian unhas Normas aprobadas na Sesión de Constitución sin participación das forzas políticas e, en

segundo lugar, que non houbo lugar a debate en Comisión e, como todos sabemos, no Parlamento Español e en tódolos Parlamentos cando un Deputado presenta unha enmenda nunha Comisión ten dereito a presentala e defendela no Pleno. Polo tanto, pido que se use ese dereito aquí e que se sometan tódalas enmendadas a debate.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Eu teño que decirlle ó Sr. Deputado que non pode pasar a unha Comisión porque, precisamente, sin este Pleno non podemos constituí-los Grupos Parlamentarios e, por tanto, non podemos constituí-las Comisiones. En todo caso, véxome na necesidade de facer uso do Artigo 23 do Regulamento do Congreso dos Deputados, entendo que a cuestión está suficientemente debatida, e imos proceder á votación despois de manifestar que a Mesa mantén a súa proposta coas adicións ás que vai dar lectura o Sr. Secretario.

O señor SECRETARIO (González Mariñas): Despois do debate realizado, a Mesa acorda facer ás Normas presentadas as seguintes adicións:

Na Norma Terceira, a adición consiste en engadir no final do párrafo primeiro desta Norma Terceira a expresión seguinte: “en todo caso, estes, —refírese ó Portavoz do Grupo Parlamentario— poderán estar acompañados por un membro do seu Grupo”. De tal maneira que a redacción desta Norma Terceira no párrafo primeiro da mesma quedaría así: “A Xunta de Portavoces constitúese cun Portavoz de cada Grupo Parlamentario, sendo o seu Presidente o do Parlamento. De existir mais dun Portavoz por Grupo Parlamentario poderanse substituír entre eles; en todo caso, estes poderán estar acompañados por un membro do seu Grupo”.

A segunda adición afecta á Norma Quinta, ó apartado c), e consiste tamén en engadir ó final do apartado c) a expresión seguinte: “en proporción á súa importancia numérica”, co cal a Norma Quinta no apartado c) queda desta maneira: “...o número de membros de cada Grupo Parlamentario que deberán formar-las Comisiones en proporción á súa importancia numérica”.

E a terceira adición, aceptada pola Mesa, refírese á Norma Oitava, ó apartado 2º, que consiste tamén en engadi-la expresión seguinte, suprimida en primeiro lugar a expresión

“computándose os votos polo sistema ponderado”: “tendo en conta a resolución da Presidencia do Congreso dos Deputados de 27 de abril de 1979 sobre ponderación de voto nas votacións das Comisións”. De tal maneira que esta Norma Oitava, no apartado 2º, queda redactada desta maneira: “Os acordos adoptaranse por maioría simple, tendo en conta a resolución da Presidencia do Congreso dos Deputados de 27 de abril de 1979 sobre ponderación de voto nas votacións das Comisións”.

Estas son as adicións pola Mesa.

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Pois, unha vez coñecidas polo Pleno, sométense a votación as Normas Iniciais coas adicións que acaba de dar lectura o Sr. Secretario.

¿Señores Deputados que aproban as Normas propostas pola Mesa?. Fagan o favor de poñerse de pé pra efectos do reconto. *(Pausa)*

Poden sentarse.

¿Señores Deputados que votan en contra desta proposta?. *(Pausa)*

¿Abstencións? *(Pausa)*

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: O resultado da votación é: Votos emitidos 70; votos a favor, 62; votos en contra, 5; abstencións, 3.

Polo tanto, quedan aprobadas as Normas propostas pola Mesa Provisional do Parlamento.

O señor LÓPEZ GARRIDO: Neste punto, señor Presidente, unha cuestión de orde. ¿Pódese saber por que non foron sometidas a votacións as enmendas que se presentaron?

O señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Ben, xa o dixeran ó principio, que aplicando o artigo 23 do Regulamento do Congreso, a Presidencia considerou liquidada a cuestión suficientemente discutida, e polo seguinte o que se somete a votación, conforme ó artigo 72 do propio Regramento, son as Normas da Mesa, que non necesitaban nin sequer debate —xa o dixeran ó principio—, e o debate abriuse precisamente pra coñecer-los distintos criterios que había aquí neste Parlamento.

A Presidencia dixo xa cal era o seu criterio, fíxouno antes e, por tanto, non cabe sobre o tema nova discusión.

Eu teño que decirlles dúas cousas: primeiro, pregarlles ós Sres. representantes das forzas parlamentarias que, séndolles posible, facilitasen mañá a constitución dos Grupos tal como está prevista nestas Normas que acaban de aprobarse.

En segundo lugar, a tódolos Deputados, que quedan convocados pra Sesión de Investidura, ás cinco da tarde do día 7, pra continuara despois o día 8.

Levántase a Sesión.

Eran as sete e media da tarde.

